

# DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. CURSO 2024-2025

As actividades deste Departamento de Relixión realizaranse sempre en coordinación co Departamento de Actividades Extraescolares que, no noso Centro, está baixo a supervisión de Vicedirección. Por iso a temporalización de cada actividade concreta farase co Plan que ha de establecerse nos primeiros días de clase cando se teñan os datos concretos de cada grupo. Ademais ha de terse en conta que é imprescindible contar co permiso especial das familias. Asimesmo, como é normativo, todo o Plan pasará polo Consello Escolar do Centro.

Valorarase coa Xefatura de Estudos a oportunidade de dar, ou non, participación aos alumnos que teñan sido apercibidos por mal comportamento aínda que os seus pais ou titores lles dean permiso para asistir á actividade.

No caso de saídas onde haxa ausencia de prazas será o profesor quen decida de xeito flexible, e de acordo co equipo Directivo, os criterios para permitirlle a asistencia a un determinado alumno.

Vaia por diante que o prioritario desta programación é propor obxectivos e metas realistas e que a súa consecución depende dos medios dispoñibles e da colaboración de alumnos, pais, titores de cada grupo e doutros profesores do Instituto.

### **OBXECTIVOS:**

- Achegar aos alumnos á cultura relixiosa do seu entorno
- Recoñecer os distintos símbolos e obxectos relixiosos cristiáns
- Levar a cabo actividades conxuntas con outros departamentos

### **1º E.S.O.:**

- Visita Cidade Vella, a mañá do xoves 5 e 12 de xuño.
- Charla dun misionero que colabora coa ONGD Mans Unidas (Mes de Febreiro).

-

**2º E.S.O.:**

- Visita a Santiago de Compostela (Catedral y su museo, Museo das Peregrinacións etc.), todo o día) Martes 28 de xaneiro.
- Charla dun misioneiro que colabora coa ONGD Mans Unidas (Mes de Febreiro).

**3º E.S.O.:**

- Visita á catedral e museo de Lugo (todo o día). Martes 8 de abril.
- Charla dun Misionero que colabora coa ONG Mans Unidas (Mes de Febreiro).

**4º E.S.O.:**

- Visita Tui ( catedral, cidade) ( todo o día). Martes 29 abril.
- Charla sobre Explotación infantil a cargo da ONG Tierra de Hombres (na clase da materia)
- Charla sobre trasplantes de órganos impartida polo CHUAC, xunto co Departamento de Bioloxía (Xaneiro).
- Charla da Fundación ACOES.

**1º Bach. :**

- Visita a Pontevedra no mes de Novembro ou coa posibilidade de facela en Xuño cando comeza o período de recuperación de materias. Ou unir 1º BAC a outro curso.
- Participación no Congreso “ Lo que de verdad importa” ( Palexco) datas sen determinar, probablemente no mes de Marzo.

**2º Bach.:**

- Participación no Congreso “ Lo que de verdad importa” ( Palexco) datas sen determinar, probablemente no mes de Marzo.
- Viista Betanzos xunto co IES Salvador de Madariaga o 2 de decembro.

**Se engadirán á programación aquelas charlas ou visitas que poidan xurdir ao longo do curso e que non se contemplaron ao inicio. Intentarase que non coincidan no terceiro trimestre tal e como se acordou no claustro de inicio de curso.**

# PROXECTO DO GRUPO

## SOLIDARIO

(Curso 2024-2025)

### **Qué é o grupo solidario ?**

Un grupo de moz@s do instituto que pretenden constituír un espazo de encontro e reflexión co fin de sensibilizar e informar dos problemas e desigualdades ao seu arredor . Promoven o traballo grupal propoñendo e organizando actividades solidarias ao longo do curso no centro e no seu entorno máis próximo.

### **Qué imos facer no curso 2024-2025?**

**-Visita ao Centro de Día Novoboandanza do barrio,xunto co Departamento de Música.**

**- Participar na Gran Recollida de alimentos, organizada polo Banco de Alimentos no mes de novembro/décembro.**

**- Etc.**

**Ó longo do curso se programarán actividades aínda sen determinar e se concretará a data para as sinaladas anteriormente.**



